

PROGRAMACION XERAL ANUAL

IESP DE AMES

CURSO 2023/2024

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CAPÍTULO I

1.- PLAN ANUAL

1º Obxectivos específicos, medidas a desenvolver e recursos previstos.

2.- HORARIO XERAL DO INSTITUTO

1º Horario xeral

2º Criterios xerais de confección de horarios

3º Horario alumnado

4º Horario profesorado

5º Horario lectivo do centro

6º Aspectos destacables

3.- ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

1º Referencia aos servizos

CAPÍTULO II

1.- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

ESTRUTURA ORGÁNICA DO INSTITUTO

1º Consello escolar

2º Órganos unipersoais

3º Departamento de orientación

4º Departamento de actividades extraescolares e complementarias

5º Xefes de departamentos didácticos

6º Comisión de coordinación pedagóxica

7º Coordinación de formación en centros de traballo

8º Equipo de Dinamización lingüística

9º Coordinación de biblioteca

2.- SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

3.-RESUMO DE NORMAS E DATAS DE INTERESE PARA O CURSO 2022/2023

CAPÍTULO III

1.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1º Referencia ás actividades

2.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

1º Referencia ó proxecto

3.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

1º Referencia á formación do profesorado no centro

4.- PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO DO ALUMNADO DE FP BÁSICA

1º Referencia á FCT

CAPÍTULO IV

1.- IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA

2.- DIÁLOGO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXOS

1º Programas ou plans anuais de lectura (Plan lector)

2º Plan de integración das TIC

3º Programación das actividades extraescolares e complementarias.

PLAN XERAL ANUAL

1.-INTRODUCCIÓN

Este curso 2023/2024 será o primeiro ano que se pon en marcha a nova lei educativa (LOMLOE) en todos os cursos.

Comezamos o programa EDIXGAL en 3º de ESO.

Implantouse o ciclo medio de FP Dual “Sistemas microinformáticos e redes”.

Estas tres circunstancias obrigaron a realizar cambios organizativos xa antes do comezo do curso: Adaptación de aulas de informática, de aulas para docencia, de reforzo das redes do centro, de dotación de material e de obras nos talleres para o proxecto de “Polos Creativos” así como para a montaxe dunha emisora de radio.

Sempre nos centraremos nos obxectivos de cada nivel, pero tamén é a nosa obriga adicar tempo e prioridade a aquel alumnado con problemas de aprendizaxe, alumnado falto de recursos, alumnado con problemas de saúde mental...

Neste curso contamos con dúas orientadoras, un profesor de pedagogía terapéutica (claramente insuficiente) e dúas RAOGAL (que serven de intermediarias entre o centro, as familias, servizos sociais e diversa institucións para a detección e intervención en casos de menores en risco).

O presente curso académico conta, a día de hoxe cos seguintes niveis, grupos e alumnado:

- 7 grupos de 1º ESO cun total de 145 alumnos/as.
- 7 grupos de 2º ESO cun total de 160 alumnos/as.
- 6 grupos de 3º ESO cun total de 146 alumnos/as. (un deles PDC)
- 5 grupos de 4º ESO cun total de 133 alumnos/as. (un deles PDC)
- 4 grupos de 1º Bacharelato cun total de 104 alumnos/as.
- 3 grupos de 2º Bacharelato cun total de 80 alumnos/as.
- 2 grupos de FP Básica “Informática de oficina “ con un total de 29 alumnos/as (17 en primeiro e 12 en segundo)
- Un grupo de CM de FP Dual “Sistemas microinformáticos e redes” con 8 alumnos/as

Isto fai un total de 805 alumnos/as a día de hoxe.

Respecto ao profesorado, contamos neste curso 23/24 con un cupo de 73 profesores/as, 1 PT e un profesor de relixión católica.

Todos os inicios de curso, un dos grandes retos é actualizar a páxina web do centro e crear unha aula dixital para cada profesor/a, materia e alumno/a, de maneira que todos/as teñamos acceso aos contidos e poidamos subir traballos no mesmo formato. Isto facilita a tarefa de alumnado e profesorado, e permite que siga conectado ao centro todo aquel alumno/a que non poida asistir a clase.

Neste mesmo senso, xa se dotou a todo o alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO do ordenador EDIXGAL, e estanse a repartir en 4º de ESO os libros que lle corresponden a cada alumno/a e os cheques de axuda para material escolar.

Respecto ao alumnado transportado, ten asignado a cada un deles unha liña de autobús e un sitio fixo dentro do mesmo. O transporte escolar está garantido a todo o alumnado que viva a unha distancia maior a 2Km do centro. E completamos as prazas que poidan quedar vacantes cos alumnos/as que vivan máis afastados e que solicitasen o permiso excepcional de uso por un curso. Damos prioridade a aquel alumnado que certifique algunha enfermidade que non lle permita camiñar longas distancias e/ou portar pesos.

Incidimos que o servizo de autobús está dentro da oferta educativa do centro (considerado período lectivo) polo que as normas de convivencia están vixentes e son aplicables dentro do mesmo, así como no tempo de gardas de autobús que realizamos nos períodos que quedan entre a saída da aula e a toma de autobús e entre a chegada dos autobuses e o inicio das clases.

Tódalas aulas permanecerán pechadas durante os recreos e á hora de saída. Este control cobra unha especial importancia nas aulas de 1º, 2º e 3º de ESO, debido a permanencia dos ordenadores persoais EDIXGAL no centro durante toda a xornada lectiva.

Respecto ós recreos, o alumnado non debe permanecer na aula nin nos corredores interiores. Animamos a que saian ao exterior. No caso de moita chuvia e/ou algunha alerta meteorolóxica que impida as actividades no exterior, o alumnado permanecerá nas aulas. Custodiado polo profesorado de garda e o equipo directivo. E permitiráselle tomar a comida que traian, e ir aos baños.

Pasaremos ós obxectivos que perseguimos co fin de conseguir para o noso centro un referente de calidade, convivencia, atención á diversidade e proxección cara ao exterior da contorna. Todos os cursos perseguimos os mesmos, pois é importante que o alumnado reciba unha ensinanza de calidade que lles permita competir en igualdade e/ou vantaxe ante calquera proba externa e/ou interna, pero non é menos importante a atención á diversidade, a convivencia pacífica e a boa saúde mental.

2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1.- Potenciar a oferta educativa xa existente no centro (tal como se fixo este curso).

Medidas e recursos:

-Facer publicidade de tódolos estudos que oferta o centro.

-Tentar (dentro dos nosos medios, espazos e persoal) dar a maior oferta educativa posible, tanto na ESO como no Bacharelato, e na FP Básica e na FP Dual.

-Potenciar e dignificar os estudos de FP Básica (informática de oficina) ofertados, con unha ensinanza de calidade e prácticas en empresas de recoñecido prestixio. E tamén inculcar valores.

-Seguir ofertando dous grupos reducidos terceiro e en cuarto de ESO incluídos no Plan de Mellora do Aprendizaxe que contempla a LOMLOE (PDC) e axudar ao alumnado incluído nel a que poida titular a ESO coas menores dificultades posibles. Así se lle facilitará o camiño cara estudos superiores ou inserción laboral.

2.- Mellorar a calidade da ensinanza.

Medidas e recursos:

-Tratando de mellorar a formación do profesorado no centro, apoiando e facilitando, dentro do posible, a súa asistencia a xornadas e cursos de formación, así como apoiar tamén os seminarios permanentes e/ou formación no centro que poidan xurdir, para afondar en diferentes temas de utilidade encamiñados á mellora da convivencia e/ou aprendizaxe. Temos en proxecto o desenvolvemento dun curso de formación en centro para este curso 2023/24 para potenciar un mellor aproveitamento dos Polos Creativos por parte de todo o profesorado.

-Adoptando as medidas necesarias para que os departamentos actúen máis coordinadamente. Este curso contamos con varias actividades interdepartamentais de formación en centro. Tamén se está a desenvolver a actualización do “Proxecto lingüístico de centro”.

-Utilizar os resultados das avaliacións externas para mellorar os resultados nas competencias.

-Realizar unha avaliación inicial a comezos de outubro para detectar posibles casos de problemas de aprendizaxe.

-Tentar conseguir, como nos cursos pasados, unha elevada porcentaxe de aprobados nas probas ABAU .

-Axeitar o novo calendario escolar de segundo de bacharelato para maximizar o aproveitamento do mesmo. (este curso faránse cambios nas datas da segunda avaliación, e seguiremos as instrucións de final de curso dadas pola Consellería para programar a terceira e a final).

-Tentar adherirse a aquelas convocatorias da Consellería de Educación que poidan redundar na calidade da ensinanza e/ou incrementar os proxectos do centro.

-Apoiar iniciativas da dirección e/ou profesorado para o traballo de temas específicos que se consideren necesarios nese momento (temática directamente relacionada con algunha materia e/ou temática transversal na que se necesite incidir).

3.- Manter, dentro do posible, o cadro de profesorado do centro (ou tratar de aumentalo se fose necesario). E completar os horarios do profesorado con horas de actividades específicas de atención á diversidade.

Medidas e recursos:

-Dialogar coa administración pública e coa inspección educativa para poder seguir ofertando ensinanza rica en diversidade de opcións, e en calidade.

-Loitar por conseguir máis profesorado de apoio para atender ao alumnado con NEE.

4.- Optimizar os recursos materiais e humanos.

Medidas e recursos:

-Procurar adaptar os orzamentos ás necesidades dos departamentos.

-Dotar tódalas aulas de recursos TIC, e mantelos actualizados para o seu uso (dous profesores de matemáticas adican varias horas semanais a realizar o mantemento dos equipos, e outros dous de física e química adican tamén varias horas semanais á actualización e mantemento da aula virtual). Este curso incorpórase a este equipo o xefe do departamento de informática para arranxar as continxencias que poidan xurdir no funcionamento dos equipos informáticos.

-Buscar participación en proxectos que nos axuden a actualizarnos en diferentes competencias necesarias para mellorar a nosa oferta educativa.

5.- Informar á comunidade educativa sobre os itinerarios posibles o remate dos estudos, tanto de secundaria obrigatoria, como de bacharelato . FP básica ou FPDual.

Medidas e recursos:

-Convocatoria de charlas informativas e reunións cos sectores implicados.

-Realización de visitas ós centros onde existan os estudos que máis demanda o alumnado (visitas a centros de FP, Universidades, Centro Superior de Hostalaría...).

-Solicitar a imprescindible colaboración do departamento de orientación, máis dende que contamos xa con dúas orientadoras en cadro de persoal.

-Posibilidade de traer antigos alumnos/as para que informen sobre diferentes titulacións.

-Atención individualizada por parte do departamento de orientación ao alumnado para explicarlle todas as posibilidades dos futuros estudos que mellor se axeiten a cada un dos casos.

6.- Interrelacionar o centro co espazo sociocultural no que estamos situados (coa colaboración do Concello e das asociacións da zona).

Medidas e recursos:

-Realizar actividades extraescolares tales como roteiros coa fin de que o alumnado coñeza e aprecie a súa contorna.

-Aproveitar as actividades ofertadas polo Concello de Ames, moitas delas encamiñadas a coñecer a comarca.

-Manter e ampliar, no posible, o contacto e colaboración coas institucións e empresas da zona para darlles a coñecer as nosas actividades, así como para que o noso alumnado coñeza as súas; e abrir posibilidades de sitios para facer as prácticas da FP Básica e FP Dual.

-Informar, potenciar e participar nas actividades organizadas por ditas institucións e empresas, facilitándolle o acceso as nosas instalación, cando sexa viable.

-Aproveitar ofertas de ensinanzas transversais ofertadas por diferentes institucións (talleres de igualdade, talleres de reciclaxe, obras de teatro, actuacións e/ou exposicións de artistas locais...).

-Sumarnos as actividades ofertadas polo "Plan Director"

- Aproveitar diferentes xornadas ofertadas polo concello (sobre coñecemento e autoestima, xestión emocional, diversidade de xénero...) que tan útiles foron estes pasados cursos despois da pandemia.

7.- Fomentar a participación dos pais e nais na vida do centro.

Medidas e recursos:

-Apoiar as iniciativas da ANPA na realización daquelas actividades que sexan formativas, tanto para alumnado como para familias; e cedendo as instalacións do centro para que se realicen (fóra do horario lectivo).

-Manter puntualmente informadas ás familias dos logros e dificultades dos seus fillos/as, para conseguir un traballo conxunto.

-Fomentar a implicación das familias en proxectos como intercambios de alumnado, convocatorias de becas, concursos, campus científicos, probas de idiomas....nos que poidan participar os seus fillos/as.

8.- Prestixiar o labor docente: oficializar actos académicos.

Medidas e recursos:

-Tentar comenar os cursos (coa colaboración das dirección dos colexios adscritos) coa realización dunha xornada de recepción do alumnado de 6º de primaria polo profesorado do primeiro ciclo do noso centro).

-Continuar coas visitas da directora e/ou orientadoras do centro aos colexios adscritos para explicarlles aos pais/nais a oferta educativa do noso IESP.

-Recibir, o equipo directivo, o departamento de orientación e os titores/as ao alumnado de 1º de ESO o día da presentación (que virá acompañado de pai/nai).

-Seguir realizando como acto académico o acto de graduación de bacharelato con profesorado, alumnado e familias.

9.- Propiciar a realización de actividades deportivas entre o alumnado, como medio para o seu desenvolvemento físico, propiciando hábitos saudables de vida e afastamento do consumo de drogas e alcol.

Medidas e recursos:

-Reparar e conservar as instalación e materiais deportivos existentes.

-Potenciar que o alumnado realice actividade física nos recreos, mantendo aberto o ximnasio e organizando actividades/competicións nel, sempre supervisadas por profesorado de educación física.

-Abrir as nosas instalación deportivas en horario non lectivo para que o concello e/ou clubs deportivos locais poidan facer uso delas; da mesma maneira que o centro fai uso do pavillón e a piscina municipais para as clases de educación física.

-Participar en actividades deportivas “intercentros”, como forma de relacionarse con escolas da comarca.

Para a consecución destes obxectivos, o centro conta coa inestimable colaboración do departamento de Educación Física.

10.- Integrar as viaxes culturais e intercambios educativos no currículo de diversas materias e/ou como contidos transversais a varias delas, de xeito que enriquezan a formación do noso alumnado.

Medidas e recursos:

-Establecer vínculos con escolas doutros países, para propiciar intercambios entre alumnado, tanto en grupo como a nivel individual.

-Potenciar visitas culturais a diferentes países europeos coa fin de mellorar o coñecemento dos mesmos e practicar a súa lingua .

-Informar e implicar ás familias, e animalas a colaborar nos intercambios, acollendo a estudantes estranxeiros na súa casa.

-Facilitar ao alumnado a realización de actividades para recadar fondos, sempre baixo a supervisión da vicedirección e/ou profesorado responsable da actividade.

-Solicitar a imprescindible colaboración dos titores/as dos cursos afectados.

-Contar con todo o profesorado para que colabore en que, tanto o alumnado que viaxa ao estranxeiro, como o que recibimos doutros países poidan manterse ao día nas súas tarefas.

- Este curso volvemos ter o intercambio co instituto Nydalen de Oslo, e esperamos poder levar a cabo as viaxes a Londres, París, Italia Portugal e a algún sitio en España propicio para gozar de actividades na neve.

11.- Adoptar as medidas oportunas para a atención do alumnado con NEE.

Medidas e recursos:

-Seguir as suxestións do Departamento de Orientación.

-Solicitar a colaboración do profesorado, tanto para extremar a atención deste alumnado, como para a preparación de material adaptado as súas necesidades.

-Dar a información necesaria a todo o profesorado implicado na docencia do alumnado con NEE, convocando xuntanzas periódicas para consensuar as medidas a seguir polo equipo docente e para realizar o seguimento das mesmas.

-Organizar, dentro dos nosos medios, os reforzos necesarios para que todo o alumnado con NEE estea atendido.

-Garantir a exención de francés, polo menos en tódolos casos que marca a lexislación vixente.

-Loitar por un incremento de profesorado especialista.

12.- Potenciar o estudo das linguas, e seguir co proxecto de plurilingüismo en inglés en toda a ESO.

Medidas e recursos:

-Seguir utilizando auxiliares de conversa en inglés. Un curso máis contamos con unha auxiliar do programa "Fulbright". Este curso comezou o seu traballo a finais de setembro.

-Continuar con desdobres para practicar e mellorar a oralidade (sempre dentro das posibilidades de persoal dispoñible). Este curso só contamos con profesorado suficiente para realizalos 4º de ESO.

-Solicitar actividades de inmersión lingüística para o noso alumnado.

-Solicitar a axuda do profesorado de linguas e do profesorado implicado na docencia das materias en inglés.

-Participar en proxectos de mobilidade de profesorado coa fin de mellorar a súa competencia en inglés.

-Participar en programas de mobilidade de alumnado. Difundilos nas aulas para que poidan beneficiarse o maior número posible de rapaces/as.

13.- Dialogar coas autoridades educativas e co Concello de Ames para conseguir mellorar os accesos ao centro, e os espazos dentro do mesmo.

Medidas e recursos:

-Solicitar a presenza da policía local en horario de entradas, saídas e recreos.

-Este curso tamén permanece pechado o aparcamento interior do centro (coa fin de gañar espazo de espaxemento para o alumnado nos recreos), e só se usará o espazo exterior e o anexo adaptado e cedido polo Concello de Ames para esta fin.

-Continuar co imprescindible clima de cooperación e diálogo co Concello de Ames.

-Continuar coas boas relacións coa Consellería de Educación.

14.- Dentro do Plan TIC, fomentar o uso das novas tecnoloxías, tanto por parte do profesorado como do alumnado, como elemento imprescindible de traballo, tanto na aula como como fóra dela.

Medidas e recursos:

-Dotar tódalas aulas de recursos informáticos.

-Optimizar o uso das aulas EDIXGAL para que poidan acceder a elas todo o alumnado posible.

-Seguir as indicacións de uso dos recursos do centro elaboradas polo coordinador EDIXGAL.

-Seguir os plans de formación en centro ofertados pola Consellería de Educación para que todo o profesorado aprenda a sacar o maior partido posible dos recursos TIC que temos, e para que actualicen os seus coñecementos.

15.- Fomentar a convivencia, a solución pacífica de conflitos, a mediación entre iguais e a igualdade home/muller.

Medidas e recursos:

-Nomear un coordinador de benestar emocional. O presente curso esta figura será desempeñada pola Xefa de Estudos Dona Marina Fernández Montoto.

-Presentación e aprobación, se procede, das alegacións ás NOF en Claustro e Consello Escolar. Tódolos cursos se abre un prazo de presentación de alegacións, que despois son discutidas nestes órganos colexiados.

-Contar con charlas e actividades para o alumnado que os formen sobre estes temas.

-Incluír contidos transversais en diferentes materias que traballen estes principios.

- Seguir as directrices marcadas polo Departamento de Orientación.
- Adaptarémonos neste curso á nova normativa, polo que haberá que actualizar varios documentos de centro: Proxecto Educativo de Centro, Plan de Convivencia, Normas de organización e funcionamento..)
- Apoiar a iniciativa, levada a cabo polo Departamento de Orientación e as profesoras Ana María Rodríguez e María Isabel Cobas, pola que este curso entra en funcionamento a figura dos mediadores: alumnado que foi seleccionado e formado para tentar resolver problemas entre o alumnado que non constituían faltas disciplinarias.
- Apoiar a comisión que vela pola igualdade home/muller nas súas actuacións

16.- Actualizar a documentación do centro para axustala á normativa actual.

Medidas e recursos:

- Constituír comisións e grupos de traballo que desenvolvan una nova documentación de funcionamento do centro para tela sempre adaptada á lexislación actual.
- Revisar os documentos marco establecidos por lei (Proxecto Educativo de Centro, NOF, Plan de Convivencia, Proxecto lingüístico, Plan integrado das linguas...), especificando a nosa oferta educativa.
- Propoñer, e no seu caso aprobar, as reformas que se estimen pertinentes.
- Pedir a colaboración de todo o profesorado.

17.- Seguir acometendo o Plan de Mellora de Biblioteca, tal como propón o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares de Galicia contando con un profesor/a dinamizadora e con alumnado voluntario colaborador.

Medidas e recursos:

- Nomear un dinamizador/a .
- Formar un grupo de profesorado colaborador neste espazo.
- Apoiar e colaborar co equipo de biblioteca, constituído por xente que traballe na súa dinamización, procurando estabilidade no profesorado que forme este equipo.
- Propoñer un tema cada curso para que se traballe nel de maneira interdisciplinar.
- Propoñer actividades e/ou lecturas ao alumnado para fomentar neles o gusto por ler. Faremos especial fincapé en fomentar a lectura en galego.
- Formar clubs de lectura.

18.- Potenciar o uso do galego no centro.

Medidas e recursos:

-Facer un plan de actividades a través do equipo de normalización e solicitar a axuda de tódolos departamentos na CCP para a súa realización.

-Participar en actividades (teatro, lectura de poesía, clubs de debate....) en galego.

-Seguir as directrices marcadas polo equipo de dinamización.

-Revisar cada curso o Proxecto lingüístico de centro para adaptalo ós posibles cambios nas materias ofertadas. Este curso hai que adaptar aqueles niveis nos que se aplica a Lomloe por primeira vez (2º e 4º de ESO e 2º de Bacharelato), así como no Ciclo Medio de FP Dual.

Dentro de cada una das actuacións mencionadas, e tamén dentro das académicas do centro, fomentaremos sempre a igualdade home/muller evitando a discriminación e as actitudes sexistas.

2.- HORARIO XERAL DO INSTITUTO

1º Horario xeral

O centro permanece aberto de luns a venres dende as 8:30 ata as 14:50 pola mañá, e dende as 16:20 ata as 19:40 as tardes dos luns e xoves (o luns é día lectivo, e o xoves é lectivo para a FPDual e tamén se usa para actividades tales como clases de reforzo subvencionadas polo concello, exames, cursos de formación en centros, reunións de grupos de traballo, claustros, consellos escolares....).

Fanse as gardas de autobús 20 minutos antes do comenzo das clases e 20 minutos despois do seu remate. Temos 1 profesor/a de garda na entrada polas mañás e 1 nas saídas, reforzados/as sempre coa presenza dun membro do equipo directivo.

Ábrense as portas ás 8:45 horas, para permitir que o alumnado entre nas aulas (que foron previamente abertas polo persoal subalterno), coa fin de evitar que o alumnado poida causar danos nas aulas e nos baños.

Os períodos lectivos son de 50 minutos, e alternamos cada dous con un recreo de 20 minutos. As gardas de recreo están cubertas por tres profesores/as e membros do equipo directivo (cada un deles ten asignada un área concreta de vixilancia), ademais das gardas de ximnasio que son asumidas polo profesorado de educación física.

O uso do ximnasio está cedido ao concello e a ANPA en horario de 16:30 a 20:30 (de martes a venres) para actividades deportivas, previa autorización do consello escolar e solicitado o permiso á Xefatura Territorial.

Este curso tamén se cederá o salón de usos múltiples dúas horas semanais a ANPA para novas actividades.

As oficinas do centro terán como horario de atención ao público de 10:00 a 13:00 horas.

O horario de conserxería é de 8:30 a 15:00 horas polas mañás, e de 16:30 a 18:30 as tardes de luns e xoves (estando só un conserxe polas tardes).

Durante o mes de xullo o centro permanece aberto de luns a venres dende as 9:00 ata as 14:00 horas.

No mes de agosto o centro permanecerá aberto de 10:00 a 12:00 pola mañá. Contará coa presenza dun conserxe e con un membro do equipo directivo e outro de secretaría de garda que acudirán ao centro se fosen requiridos/as para emitir calquera certificado ou papel oficial.

2º Criterios pedagóxicos para a confección do horario lectivo.

O decreto 324/96, do 26 de xuño (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria obrigatoria e se establece a súa organización e funcionamento, cita como competencia do claustro aprobalos criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos/as (Art. 47-f).

Cómpre acordar estes criterios tendo presente o establecido na orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento do decreto anterior. Nela sinalase, no capítulo III (artigos do 70 ao 94), os seguintes criterios para a distribución dos grupos nos departamentos e a confección dos horarios.

Tamén teremos en conta a orde do 4 de xuño do 2012 (DOG do 13 de xuño) pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparta ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3º Horario do alumnado

- Cada período lectivo terá una duración mínima de 50 minutos.
- Non se poderá asignar a un área ou materia máis dun período lectivo diario, agás aquelas nas que se requira una carga importante de actividades manipulativas (tecnoloxía, plástica, ámbitos, módulos de FP...)
- Os períodos lectivos estarán distribuídos entre luns e venres, ámbolos dous incluídos, agás o segundo curso de FP básica e FP Dual o que se lles impartirá a docencia no centro ata o mes de marzo/abril, realizando o que resta de curso a FCT na empresa .
- Non haberá horas libres intermedias no horario lectivo de cada grupo.
- Para grupos de máis de 25 alumnos/as, en materias como física, química e bioloxía, poderase desdobrar una hora semanal para prácticas de laboratorio, sempre que o cadro de persoal do centro o permita.

4º Horario de profesorado

Deberá incluír os períodos lectivos e as horas complementarias fixas (titorías presenciais de alumnos/as, titoría de país/nais, gardas e xefaturas de departamento e/ou horas de coordinación, se é o caso).

A permanencia no centro non poderá ser inferior a tres horas diarias.

Os períodos lectivos diarios serán dun mínimo de dous e de un máximo de cinco, agás na FP específica, na que poden chegar a seis.

Os profesores/as especialistas non poderán elixir cursos inferiores, se quedasen os superiores para profesorado de afíns ou para profesorado interino.

Ningún profesor/a poderá elixir horario de disciplinas afíns mentres non estean cubertas tódalas horas do seu departamento.

A xornada laboral será de 30 horas semanais, das cales 23 serán de horario fixo no centro educativo, das cales ata 20 poderán ser de carácter lectivo.

As horas de presenza fixa no centro que non teñan carácter lectivo dedicaranse a gardas, tutoría de país/nais e alumnos/as, xefaturas de departamento, coordinacións lingüísticas..

As reunións de departamento faranse polo menos una vez ao mes, logo da convocatoria da xefatura do departamento, e encadraranse dentro do horario de cómputo mensual.

5º Horario lectivo do centro

Cada período lectivo terá una duración de 50 minutos, e distribuiranse de luns a venres en 6 períodos lectivos pola mañá (de 8:50 a 14:30), e outros dous a tarde do luns (de 16:40 a 18:20). A FP Dual terá tres períodos lectivos pola tarde (hasta as 19.10), tanto o luns como o xoves. Pola mañá programaranse dous descansos de 20 minutos cada un deles (as 10:30 e as 12:30).

A tarde do xoves (de 16:30 a 20:00) o centro permanecerá aberto para as clases da FP Dual e para realización de diferentes actividades: Clubs de lectura, actuacións de contrato/programa, cursos de formación de profesorado, realización de exames... Haberá un conserxe nese horario e un membro do equipo directivo. O profesorado que necesite realizar algunha actividade, axustarase á tarde do xoves.

6º Aspectos destacables

Tódolos cursos terán clase pola mañá e a tarde do luns (inclusive os de FP Básica), a FP Dual tamén terá clase os xoves pola tarde.

Respectouse o máximo posible a elección das optativas en 4º de ESO e en bacharelato.

Están cubertas tódalas gardas de autobús, de aula, de recreo, de ximnasio e de dirección.

Temos cubertas tódalas horas de reforzo derivadas das exencións de francés en primeiro e segundo de ESO. Para cubrir estes reforzos contamos con un PT definitivo no centro, e o profesorado que ten horas dispoñibles asume as que non poden ser atendidas polo persoal especialista.

Temos asignada una hora de desdobre na materia de inglés para traballar a oralidade en cuarto de ESO.

Neste novo curso sumarémonos á demanda do concello de Ames de solicitar das autoridades a construción dun novo pavillón deportivo. Este faríase lindando co noso centro e poderíamos usalo para as clases de educación física.

3.-ORGANIZACIÓN DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

As rutas, paradas, autorizacións excepcionais de ESO e Bacharelato e as empresas de transporte escolar foron enviadas en prazo á Xefatura Territorial de A Coruña. Disponse dunha copia na secretaría do centro. Tamén se pode acceder aos datos presentados dende o XADE.

CAPÍTULO II

1.- DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

1º.- Estrutura orgánica do instituto

Consello Escolar:

Presidenta: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Secretario: Don Fernando Raposo Rodríguez

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Actualmente o consello escolar está completo coa representación de ANPA, pais/nais, Profesorado, alumnado e representante do concello. Só nos queda por cubrir a praza de persoal non docente.

Órganos unipersoais

Directora: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Secretario: Don Fernando Raposo Rodríguez

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Vicedirectora: Dona María Dolores Suárez Denis.

Departamento de orientación

Yolanda Rodríguez Mato (orientadora)

Maite Frecha Martinez (orientadora)

José María Fernández Abelaira (PT)

Departamento de actividades extraescolares e complementarias

Labor levada a cabo pola vicedirectora Dona María Dolores Suárez Denis

Xefes/as de departamentos didácticos

Lingua Castelá e Literatura: Dona Carmen Prados Anaya

Física e Química: Dona Josefa Gamarra Mondelo

Bioloxía: Dona Teresa Iglesias Casal

Tecnoloxía: Don Antonio Vázquez Cardesín

Matemáticas: Dona Marta Vázquez López

Lingua Galega e Literatura: Don Carlos Negro Romero

Relixión: Don Antonio Cantelar Esparís

Inglés: Dona Paula Rodríguez Ubeira

Grego: Dona Margarita Olivar Roldán

Latin: Don Xosé Antonio López Silva

Historia: Dona Sabela Cobas Rodríguez

Francés: Dona Sabela Prieto Ares

Filosofía: Don Roberto Barral Blanco

Educación Plástica: Don Suleyman Matos Bugallo

Educación Física: Don Diego Rojo Garrido

Economía: Dona María Barros Obelleiro

Informática: Don Gonzalo Berdeal Hernanz

Comisión de coordinación pedagóxica

Presidenta: Dona M^a Soledad Louro Lestón

Xefa de estudos: Dona Marina Fernández Montoto

Todos/as Xefes/as de departamento

Coordinación do equipo de dinamización lingüística:

Don María Dolores Vilasó

Coordinación de biblioteca:

Dona María Dolores Suárez Denis

Coordinación TIC e EDIXGAL

Dona Ana Rodríguez Fernández

ESTADÍSTICA DE INICIO DE CURSO

Figura no Documento de Recollida de Datos (DRD) e no Documento de Organización do Centro (DOC).

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O edificio do IESP de Ames, indubidablemente, é moi pequeno para o elevado número de alumnos/as que temos. Isto non se nota no número de aulas (pois fixéronse varias ampliacións nestes últimos anos), senón nos espazos comúns.

Ademais o edificio posúe moitos outros problemas froito, ou dunha deficitaria construción, ou do deterioro normal acontecido co paso do tempo.

Solicitaremos á Consellería de Educación as melloras necesarias para posuír una maior eficiencia enerxética, que pensamos que debe ser a obra máis urxente a acometer.

Con respecto aos equipamentos, consideramos que o centro está ben dotado de material TIC (ordenadores e pizarras dixitais enviadas cando nos incluimos na rede ABALAR), aínda que este curso, procuraremos dotar de novos ordenadores ás aulas de informática e a todas aquelas aulas que os necesiten.

Contamos, ademais, dende hai dous cursos con acceso de Internet por banda ancha, o que nos facilita moito o labor, tanto académico como administrativo.

RESUMO DE NORMAS E DATAS DE INTERESE PARA O CURSO 2023/2024

1) Datas de avaliacións:

Avaliacións iniciais: primeira semana de outubro

Primeira avaliación: do 18 de novembro ao 21 de decembro

Segunda avaliación: do 7 ao 10 de marzo en E.S.O. e o 16 de febreiro en 2º Bacharelato

Avaliación final:

-As datas de 2º Bach este curso serán o 16 de maio.

-A avaliación de pendentes de primeiro de bacharelato terá a mesma data que a avaliación final de segundo de bacharelato.

-Avaliación de pendentes da ESO antes do fin do mes de maio

-Avaliación final de FP Básica e Primeiro de bacharelato e 3ª Avaliación na E.S.O. : de xuño

-Avaliación ordinaria da E.S.O. e extraordinaria de FP Básica e Bacharelato: a partir do 21 de xuño

Avaliación de pendentes:

Aínda que todos os departamentos farán un seguimento de pendentes ao longo do curso, propoñendo traballos e/ou exercicios para poder recuperar as materias non superadas, tal como marca a lei, o alumnado terá dereito a realizar un exame en maio con tal fin.

As datas marcadas polos diferentes departamentos didácticos están a disposición de toda a comunidade educativa, tanto no taboleiro de anuncios de pendientes, como na Xefatura de Estudos.

2) Días non lectivos

Con carácter oficial é festivo local o día 9 de maio do 2024 (festa da Ascensión).

Proponse como día non lectivo a elixir polo centro o día 10 de maio do 2024.

3) Uso do salón de actos

O presente curso o salón de actos será utilizado para conferencias, exames, charlas....

4) Aula de informática

O seu uso preferente é a impartición de TICs. Nas horas en que estea libre pode ser utilizado por calquera profesor/a que o precise para o desenvolvemento da súa materia.

5) Biblioteca

Este curso utilizarase como espazo ao que está destinada..

6) Exames e/ou outras actividades fóra do horario escolar

O centro permanecerá aberto os xoves de 16:30 a 20:00.

6) Gardas

O profesorado que teña gardas de bus deberá vixiar o exterior do centro (parte dianteira e traseira), en cada unha das entradas habilitadas.

Nas gardas de corredor o profesorado debe saír ao corredor no momento en que soe o timbre, permanecer nel para evitar problemas nos desprazamentos do alumnado, e detectar con rapidez a falta dalgún profesor/a.

Co alumnado de bacharelato seguirase o mesmo criterio que na ESO: en caso de ausencia de un profesor/a os alumnos/as permanecerán na aula baixo a atención dun profesor/a de garda (coa excepción dos maiores de idade, que poden abandonar o centro).

Nas gardas de recreo cómpre percorrer todo o edificio, así como o exterior do mesmo. Para que as gardas sexan eficaces, os profesores/as deben facer os percorridos individualmente (nunca en grupo).

7) Partes de convivencia.

Cando un alumno/a comete unha falta contraria á convivencia, o profesor/a debe cubrir un parte de convivencia.

Os partes depositaranse na Xefatura de estudos. A xefa de estudos comunicarllo á persoa titora, e aplicaralle unha sanción tipificada segundo a súa gravidade.

En ningún caso o profesorado deixará fóra da aula a un alumno/a durante a hora de clase. Se se presenta unha situación na que a continuidade da clase se fai inviable, debe resolverse pedindo a axuda de alguén de dirección.

8) Faltas de asistencia de profesorado

A maior brevidade posible entregarse cuberto na xefatura de estudos o modelo oficial cumprimentado.

9) Faltas de asistencia de alumnado

Cada profesor/a deberá introducir no XADE, á maior brevidade posible, as faltas de asistencia do alumnado.

O profesorado de garda deberá anotar as faltas e comunicarlhas á persoa titora, que as introducirá no XADE.

10) Actividades extraescolares

Para o profesorado que participe en saídas didácticas extraescolares de un día enteiro contéplase una dieta de 15 euros, se a comida non está incluída en dita actividade.

No caso de viaxes de máis de un día, e sempre que a manutención non estea incluída, a dieta será de 30 euros en España e 40 no estranxeiro.

Posto que a ratio real é de un profesor/a por cada 20 alumnos/as, enténdese que será este o criterio para establecer o número de dietas a pagar, que se proratearán entre o profesorado participante, cando o número sexa maior,

As programacións didácticas dos departamentos incluírán a proposta de actividades extraescolares e complementarias, que será aprobada en claustro e consello escolar.

O profesorado que as realice deberá informar á vicedirección, así como facilitarlle a lista de participantes coa antelación suficiente para poder informar a todo o profesorado afectado.

CAPÍTULO III

1.- PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Rematado o prazo da súa presentación pasarán por claustro e consello escolar para a súa aprobación nas primeiras semanas de novembro.

Posteriormente, para a súa consulta, estarán depositadas en vicedirección a disposición de toda a comunidade educativa.

O centro cubrirá os gastos de desprazamento do alumnado a Santiago de Compostela.

2.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

O proxecto lingüístico inicial de centro foi aprobado no consello escolar do 29 de abril do 2015, e está a disposición na secretaría do centro. A primeira corrección, para adaptarnos a LOMCE aprobouse o 12 de xuño do 2016. Este curso será modificado debido á entrada da reforma educativa en todos os cursos.

3.- PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Para o curso 2023/2024 contaremos con:

- Seminario permanente sobre a memoria histórica e a democracia histórica.
- Seminario permanente sobre o patrimonio do noso concello.
- Cursos de iniciación e perfeccionamento no uso das TICs para profesorado.
- Curso sobre os ERASMUS+ co fin de conseguir a acreditación o vindeiro curso.
- Curso de manexo da cortadora Láser (en proxecto)

4.- PROGRAMA DE FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO DO ALUMNADO DE 2º CURSO DE FP BÁSICA E FP DUAL

O alumnado de FP Básica e FP Dual fará a súa formación en centros de traballo, preferentemente na contorna.

Quero agradecer ao Concello de Ames e a Confederación de empresarios de Ames a boa disposición para aceptar ao noso alumnado, e para proporcionarlle unhas prácticas de calidade.

CAPÍTULO IV

1.-IMPLICACIÓN DE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA E ENTIDADES EXTERNAS

Para a mellora do funcionamento do noso centro solicitaremos a implicación e a axuda de diversas entidades externas, por unha banda, necesarias para enriquecer a educación en valores do noso alumnado, e por outra, para conseguir una completa integración de toda a comunidade educativa na vida do centro.

Continuaremos cultivando a inestimable colaboración do Concello de Ames en actividades tales como: limpeza e mantemento dos espazos verdes do centro; colaboración coas concellerías de mocidade e asuntos sociais para previr casos de abandono e/ou absentismo escolar e para atender as necesidades de alumnado pertencente a familias con graves problemas económicos; colaboración coa concellería de deportes para a continuación do uso por parte do centro do pavillón polideportivo e da piscina municipal, colaboración coa policía municipal para a mellora da seguridade nos accesos ao centro, realización da FCT do alumnado de FP Básica e FP Dual...

Seguiremos contando coa presenza da Garda Civil, que dentro do seu Plan Director, inclúe charlas para alumnado e familias sobre os perigos de INTERNET, o consumo de drogas, seguridade vial..., de grade aproveitamento para todos/as.

Colaboraremos coa ANPA, nas iniciativas que sexan interesantes para alumnado e/ou familias. Tamén cederemos os espazos do centro, sempre que sexa posible, fóra do horario lectivo.

2.- DIÁLOGO COA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Có fin de mellorar as condicións de traballo, tanto a nivel persoal como de medios, buscaremos sempre o diálogo coas autoridades educativas en aspectos como os seguintes:

Buscar que o cupo de profesorado autorizado para o centro sexa o máis axustado posible as nosa necesidades, tendo en conta o elevado número de alumnos/as e a ampla oferta de optativas derivadas de esta circunstancia.

Conseguir profesorado de apoio especialista para atender ao alumnado con NEE.

Apoiar ao Concello de Ames na súa petición a Consellería de Educación para a construción dun novo polideportivo municipal máis axeitado as necesidades da crecente poboación do mesmo.

Solicitar as obras necesaria para dotar a este centro dunha maior eficiencia enerxética.

DOCUMENTOS DE INTERESE

1.- Proxecto educativo de centro

A disposición no centro (Dirección do centro). Pendente dunha reforma este curso debido á entrada en vigor da LOMLOE

2.- Proxecto lector

Aprobado anualmente polo claustro e consello escolar, a disposición na secretaría do centro.

3.- Plan integración das TIC

Actualizado este curso figura como ANEXO I a este documento

(substituído polo Plan Dixital).

4.- NOF, revisado anualmente.

5.- Plan de convivencia. Pendente de reforma debido a entrada en vigor da LOMLOE e a creación en cada centro da figura de “coordinador/a de benestar emocional”.